# Seguridade, movilidade e reutilización

## Seguridade, movilidade e reutilización

Moodle proporciona varias utilidades para exportar, importar e reiniciar un curso, deste modo contribúe a:

- A **seguridade** dos cursos coas súas copias de seguridade.
- A **movilidade** dos cursos, xa que as copias poden ser restauradas noutra plataforma Moodle.
- A **reutilización de datos, recursos ou actividades** pois permite a copia de contidos dun curso a outro mediante a importación.
- A **reutilización de cursos** ao facilitar o reinicio ou restablecemento dun curso, coa eliminación selectiva de datos  (usuarios matriculados, tarefas entregadas, aportacións aos foros,etc.)

Todas estas utilidades son accesibles dende o bloque de adminitración do curso:




Licenza: Dominio público

# Copia de seguridade

A **copia de seguridade** de Moodle **permite gardar nun arquivo un curso Moodle**. Este arquivo pode ser restaurado na mesma plataforma Moodle ou noutra. Tamén pode ser descargado para manter unha copia de seguridade fora da plataforma.

**Para realizar unha copia de seguridade temos que:**

1.- **Escoller o que queremos salvar do curso**:




Licenza: Dominio público

2.- Escoller, polo miúdo, **qué salvar de cada tema**:




Licenza: Dominio público

3.- Indica o nome do arquivo, que pode ser modificado, e a relación do escollido ata o momento para a súa **revisión e confirmación**:




[Licenza: Dominio público]

4.- **Fai a copia** e amosa a mensaxe de completa se remata sen problemas:




[Licenza: Dominio público]




Se queremos xestionar as copias, temos que ir á pantalla de **administración das copias de seguranza**, á que se accede **dende o bloque de administación do curso premendo Restaurar**.

# Restaurar unha copia dun curso

Restaurar unha **copia de seguranza** dun curso Moodle **permite recuperar ou mover a outra plataforma Moodle o curso gardado nesa copia de seguridade**.

## A ter en conta!

1. Como profesores, **precisamos dispor dun curso Moodle para poder levar a cabo a restauración** dun curso.
2. O **curso dende o que levamos a cabo a restauración pode estar vació ou cheo**. En caso de que esté cheo e restauremos outro curso enriba del pode facerse combinando o contido dos dous, ou eliminando primeiro o contido do curso en que estamos antes de restaurar os contidos da copia de seguranza.

Para levar a cabo a restauración da copia de seguranza dun curso temos que entrar **na pantalla de xestión das copias de seguranza** dende **administración do curso, premendo Restaurar.** Nesta pantalla **escollemos a copia de seguranza a restaurar**. Se non está nesa listaxe, teremos que subir o arquivo da copia á plataforma, arrastrándoo ou premendo "Escolla un ficheiro". Logo **prememos Restaurar**




[Licenza: Dominio público]

1.- **Confirmamos que é a copia correcta**, comprobando o resumo da copia que amosa o Moodle:




Licenza: Dominio público

2.- **Escollemos ónde restaurar a copia** e temos varias opcións:

- **No curso no que estamos ou nun curso existente**: podemos escoller eliminar os contidos do curso actual antes de restaurar a copia, ou combinar os contidos cós do curso restaurado. Neste caso hai que ter en conta que vai combinar o tema1 do curso existente có tema1 do curso restaurado, misturando os contidos.
- **Nun curso novo**, neste caso non hai problema. O curso restaurado vai aparecer como foi gardado.


1. Confirmar ▶ 2. Destino ▶ 3. Axustes ▶ 4. Esquema ▶ 5. Revisar ▶ 6. Proceso ▶ 7. Completa
Restaurar como curso novo
Se restauramos nun curso novo:
1º Buscar categoría
2º Escollela da lista
3º Premer Continuar
Restaurar como curso novo
Requirido
Seleccione unha categoría
Nome
Descrición
PFFP
Categoría creada para facer probas de importación de cursos, tarefa do curso PFFP.- Moodle:creación e xestión avanzada de cursos.
PFFP
Buscar
Continuar
Restaurar neste curso
Se queremos restaurar a copia no curso no que estamos:
1º Escoller se misturamos contidos ou non
2º Premer este Continuar
Fusionar a copia de seguranza do curso con este curso
Eliminar o contido do curso actual e despois restaurar
Continuar
Restaurar nun curso existente
Se queremos restaurar a copia nun curso existente distinto do que estamos:
1º Escoller se misturamos contidos ou borramos primeiro os do curso exitente.
2º Buscar o curso có buscador
3º Seleccionalo na lista e premer Continuar.
Fusionar a copia de seguranza do curso co curso existente
Eliminar o contido do curso existente e despois restaurar
Seleccione un curso
Nome curto do curso
Nome completo
ELEC2014-15
Electrotecnia2ºBacharelato
TIC
TIC 4º de ESO
EQM_2019
EQM_2019
EAP
Electronica Aplicada
IRC
Instalaciones de Radio Comunicaciones
EMI
Equipamentos Microinformáticos
IMS
Instalacións de Megafonía e Sonorización
CBA
CursoBasicoAsterisk
NCC201
IRDST
ICT
Infraestructuras comúns de telecomunicacións en vivendas e edificios
Hai demasiados resultados, introduza unha busca máis específica.
Buscar
Continuar
Ollo! Hai que premer no Continuar da opción escollida!

[Licenza: Dominio público]

3.- Podemos **escoller qué restaurar do curso**, dentre os contidos da copia:




[Licenza: Dominio público]

4.- **Escoller, de cada tema do curso, o que queremos restaurar**:




Licenza: Dominio público

5.- **Facemos a revisión do escollido** anteriormente:




Licenza: Dominio público

6.- **Fai a restauración** e amosa a mensaxe de completa se remata sen problemas:




Licenza: Dominio público




Licenza: Dominio público

# Importar contidos a un curso

A **importación permite a reutilización de recursos entre cursos.** Podemos importar datos, recursos ou actividades dun curso noutro.

Hai que ter en conta que **a importación respeta a ubicación dos recursos importados**, así, se temos unha actividade no primeiro tema e a importamos, aparecerá no primeiro tema do curso dende o que se realiza a importación.

Para **importar datos, recursos ou actividades dun curso**, dende o bloque de **administración do curso prememos Importar**, e iniciamos o proceso:

1.- **Escollemos o curso que contén os contidos que queremos importar**:




Licenza: Dominio público

2.- Escollemos **qué restaurar do curso**, dentre os seus contidos:




[Licenza: Dominio público]

3.- Logo **aparecen os temas** cós seus contidos, e podemos **escoller polo miúdo, qué queremos importar de cada un**:




[Licenza: Dominio público]

4.- **Facemos a revisión do escollido** anteriormente:




Licenza: Dominio público

5.- **Fai a importación** e amosa a mensaxe de completa se remata sen problemas:




Licenza: Dominio público

Aquí está o **resultado da importación do exemplo**. Lembrade que se importaron só contidos do primeiro tema do curso HTML5-CSS3 e tamén o seu banco de preguntas (contén so 1 pregunta):




Licenza: Dominio público




Licenza: Dominio público

# Restablecer ou reiniciar un curso

Moodle permite **restablecer ou reiniciar un curso có obxectivo de poder reutilizalo novamente**, unha vez "limpados" os datos do curso (usuarios matriculados, tarefas entregadas, entradas dos foros, etc.)

Así, ao comezo dun novo ano académico, podemos borrar os datos do ano anterior do noso curso, de xeito automático.

Para **restablecer un curso** imos ao **bloque de administración do curso e prememos Restablecer**. Logo seguimos os seguintes pasos:

1.- **Marcamos os datos que desexamos borrar do curso**:






Licenza: Dominio público

2.- Ao **premer Restablecer curso faise o borrado dos datos**:

# Restablecer curso

| Compoñente | Tarefa | Estado |
|---|---|---|
| Xeral | Eliminar todas las notas | Aceptar |
| Papeis | Desmatricular (17) | Aceptar |
| Grupos | Eliminar todos os grupos | Aceptar |
| Grupos | Eliminar todos os agrupamentos | Aceptar |
| Foros | Eliminar todos os comentarios | Aceptar |
| Probas | Elimináronse os intentos de proba | Aceptar |
| Probas | Elimináronse as cualificacións da proba | Aceptar |
| Tarefas | Eliminar todas as entregas | Aceptar |
| Tarefas | Eliminar todas as entregas | Aceptar |
| Tarefas | Eliminar todas as entregas | Aceptar |
| Tarefas | Eliminar todas as entregas | Aceptar |
| Tarefas | Eliminar todas as entregas | Aceptar |
| Tarefas | Eliminar todas as entregas | Aceptar |
| Tarefas | Eliminar todas as entregas | Aceptar |
| Tarefas | Eliminar todas as entregas | Aceptar |
| Tarefas | Eliminar todas as entregas | Aceptar |
| Tarefas | Eliminar todas as entregas | Aceptar |
| Tarefas | Eliminar todas as entregas | Aceptar |
| Tarefas | Eliminar todas as entregas | Aceptar |
| Tarefas | Eliminar todas as entregas | Aceptar |
| Tarefas | Eliminar todas as entregas | Aceptar |

Continuar

Licenza: Dominio público

Ao **premer Continuar, volvemos a curso** que xa non terá os datos eliminados.

Licenciado baixo a Licenza Creative Commons Recoñecemento Compartir igual 4.0